

En que consiste o MPL?

Trátase dun Máster Propio da Universidade de Santiago de Compostela que se propón como resposta formativa a unha demanda de especialización das explotacións gandeiras. Xurde nun contexto no cal as explotacións leiteiras, sometidas a unha dinámica empresarial moi esixente, demandan técnicos fortemente especializados, con capacidade para analizar os problemas, dar respostas e propoñer solucións.

A colaboración da Universidade e da Xunta de Galicia a través do INGACAL-CIAM e o LIGAL, xunto a participación de profesionais de empresas e entidades punteiras, permite mellorar o aproveitamento dos recursos tanto humanos coma materiais e crear sinerxías que teñen desembocado na oferta do *“Máster en produción de leite”*.

Requisitos de acceso

Para acceder ao máster é preciso estar en posesión dunha titulación universitaria (grao, máster, licenciatura ou diplomatura), preferentemente relacionada co sector agrogandeiro, ou ben estudantes preto de rematar a súa titulación, sempre que lles falte cursar un máximo de 30 créditos ECTS para obter a titulación requirida. Porén, para obter o título de máster será imprescindible acreditar a titulación de acceso antes de rematar o curso.

A formación

Ten carácter presencial, cun enfoque fundamentalmente práctico e aplicado que aborda os aspectos fundamentais dende o punto de vista da produción. Os contidos están agrupados en 6 módulos nos cales se tratan aspectos de sanidade animal, reprodución e xenética, calidade do leite, benestar animal e instalacións, produción de forraxes, alimentación, economía e xestión.

Consta de 3 grandes bloques formativos:

1º Bloque de 350 horas de docencia teórica e prácticas a través de clases expositivas, manexo de programas informáticos, visitas a explotacións e manexo de instrumental diverso.

2º Bloque de 312 horas de prácticas en empresas. Neste bloque é onde realmente se acadaría a especialización profesional en áreas máis concretas (Reprodución, calidade do leite, alimentación, xestión, etc ...), ao poder escoller o alumno o ámbito de traballo onde poder centrar as súas prácticas. Os alumnos con experiencia laboral nas temáticas abordadas poden solicitar a validación das prácticas se así o desexan.

3º Bloque de 125 horas de traballo persoal, reservado para que o alumno poida elaborar o seu traballo fin de máster.

O calendario académico

As clases expositivas para o curso académico serán os venres de 16.00 a 21.00 h. e os sábados de 9.00 a 14.00 h. Para realizar as prácticas e o traballo de fin de máster ofértanse dous itinerarios distintos, co obxectivo de adaptarse ao tempo do que dispoñan os seus matriculados:

Itinerario “intensivo” que se levará a cabo nun curso lectivo habitual (de setembro de 2019 a xullo de 2020). Está pensado para aquelas persoas que teñan máis tempo.

Itinerario “ordinario”, de setembro de 2019 a decembro de 2020, para os matriculados con menor dispoñibilidade (por traballo ou outros compromisos). Esta alternativa, contarían con cinco meses adicionais para realizar as prácticas en empresas e o traballo fin de master.

Saídas profesionais

Os titulados co Máster en produción de leite poderán cubrir a demanda de expertos en servizos técnicos especializados e de asesoría que demandan as explotacións gandeiras, as cooperativas agrarias, industrias, institucións e empresas de servizos. As saídas profesionais do máster son diversas en aspectos como asesoría en alimentación e formulación de racións, xenética e sanidade, técnicos en programas de mellora da calidade do leite, control e funcionamento da máquina de muxido, benestar animal, produción de forraxes ou xestión técnica e económica das explotacións.

Tamén entendemos o máster como unha ferramenta de formación continua e reciclaxe profesional para aqueles que xa veñen desenvolvendo o seu traballo no sector. A actualización de coñecementos e a posta en común con profesionais de diferentes ámbitos (universidade, centros de investigación, LIGAL, cooperativas, empresas) permite crear sinerxias e potenciar o coñecemento, imprescindible para o sector.

Cursos vinculados

Ofertamos a posibilidade de cursar dous módulos formativos de xeito independente (sen necesidade de cursar o resto de módulos do máster), como cursos de formación continua:

- Curso Básico de Alimentación na Produción de Leite (3 prazas).
- Curso Básico de Economía da explotación de leite (3 prazas).

Nº de Prazas.....	12
Custo total da matrícula.....	2.380 €
Nº de créditos ECTS.....	60
Clases presenciais.....	Setembro 2018 – xuño 2019
Prácticas en empresas	Outubro 2019 – Outubro 2020
Posibilidade de horario adaptado para traballadores.....	Si
Lugar.....	Ligal (Abegondo) e Campus de Lugo

Matrícula xa aberta a través da súa páxina web
www.masterenproducciondeleite.es



